



CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

50 Aniversario

CONCERTOS FIN DE CARREIRA 2007

50
Aniversario



XUNTA DE GALICIA



CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

C/. Manuel Olivé, 23
Teléfono 986 47 11 44 - Fax 986 48 18 07
36203 VIGO

Xoves 1 de Marzo de 2007
M^a Teresa Rodríguez Vázquez - Piano

Martes 6 de Marzo de 2007
Luís Martínez Iglesias - Piano

Xoves 8 de Marzo de 2007
Daniel Goberna Sanromán - Piano

Martes 13 de Marzo de 2007
Santiago Blanco Tomé - Piano

Xoves 15 de Marzo de 2007
Sara Domínguez LLoria - Piano

Martes 20 de Marzo de 2007
Tania Barreiro Crespo - Trompeta

Xoves 22 de Marzo de 2007
Pablo Salgueiro Alonso - Percusión

ESPECIALIDADE DE COMPOSICIÓN

Días 26, 27 e 29 de Marzo do 2007

José Antonio Cantal Mariño
Juan Eiras Tojo
Jacobo Gaspar Grandal
Ángel Antonio Montes Abalde

Auditorio Martín Códax ás 20,00 horas
Conservatorio Superior Música de Vigo
Monte do Castro

1 de Marzo de 2007

M^a Teresa Rodríguez Vázquez

Piano

Comeza os seus estudos musicais con oito anos de idade no Conservatorio Profesional de Ourense, acadando o grado medio polo plan 66 no ano 2.001 baixo a tutela de Purificación Iglesias. Neste mesmo ano ingresa no Conservatorio Estatal Superior da Coruña onde realiza o primeiro curso de Superior L.O.G.S.E.

No ano 2.002 entrou a formar parte do alumnado do Conservatorio Superior de Vigo no cual termina a súa formación Superior na especialidade de piano. A marxe dos estudos oficiais asistiu a cursos de piano con Ludovica Mosca e con Jean Pierre Dipuy. Tamén cursos de análise con Agustín Charles Soler.

No ano 2.002 participou no Ciclo de Xóvenes Intérpretes de Teresa Berganza. Actualmente colabora no conservatorio Adagio Monforte (Lugo) e no Conservatorio Cantiga de Sarria (Lugo).

PROGRAMA

I Parte

- **Chapelle de Guillaume Tel.....F. Liszt**
- **Sonata en Do Mayor Hoboken XVI:50J. Haydn**
 - Allegro
 - Adagio
 - Allegro Molto
- **Sugestión Diabólica.....S. Prokofiev**

II Parte

- **AlmeríaI. Albéniz**
- **Suite nº 5 en Mi MayorG. F. Haendel**
 - Preludio
 - Allemande
 - Courante
 - Air:
 - Double 1
 - Double 2
 - Double 3
 - Double 4
 - Double 5

- **Marilina para acordeón e piano.....H. Valpola**
 - Preludio
 - Enérgico
 - Teneramente
 - Misterioso-con Brío

6 de Marzo de 2007

Luís Martínez Iglesias

Piano

Nado na cidade de Ourense no ano 1977, principiou os seus estudos de piano aos 15 anos de idade. No ano 1985 entra no CSM de Vigo, onde estuda, entre outros, cos seguintes profesores: Nicasio Gradaílle, Cristina García, Isabel Llor, Enrique Goberna, Constantino Pérez e José Manuel Fernández. Paralelamente acude a multitude de cursos e aulas de profesores como Alexander Gold ou Arabel Moraguez.

PROGRAMA

I Parte

- **Sonata para Piano nº 3, Opus 2 nº 3.....L. V. Beethoven**
 - Allegro con brio
 - Adagio
 - Scherzo
 - Allegro assai

II Parte

- **Sonata para Piano e Violino nº 1, Opus 78.....J. Brahms**
 - Vivace ma non troppo
 - Adagio
 - Allegro molto moderato

Violino: Raquel Carrera Álvarez

- **Sonata-Fantasia para Piano nº 2, Opus 19A. Scriabin**
 - Andante
 - Presto

8 de Marzo de 2007

Daniel Goberna Sanromán

Piano

Nace en Vigo no ano 1983. Comeza os seus estudos de música á idade de 7 anos da man de D. Enrique Goberna Fernández.

Os 8 anos de idade ingresa no Conservatorio de Música de Vigo do Castro no grao elemental onde continuará coa súa formación ata a actualidade con D. Enrique Goberna, recibindo clases támen no primeiro curso de Superior de D^a Josefa Estarque Vila, Catedrática deste centro. Recibe neste centro clases maxistras de mestres como Eulalia Solé, Peter Efler, Álvaro Cabrera, Víctor Fernández. Asiste a clases de Luiz de Moura Castro, Emilio Molina, Ludovica Mosca e asiste a cursos dentro de España como o Festival de música de Orihuela, o I forum internacional de música de Toledo, onde recibe clases de Akiko Evi, Joaquín Soriano e Fernando Puchol.

Compaxina na actualidade os seus estudos de piano coa formación no primeiro curso de Filosofía no Seminario Maior de Vigo. Foi ata entón organista na coral Ureca dirixida polo mestre D. Francisco Rey Rivero.

Pianista acompañante de diversas agrupacións corais, leva desenrolando á par unha ampla labor docente no terreo coral e pianístico.

PROGRAMA

I Parte

- **Sonata Op. 27 nº 2 “Claro de luna”.....L. V. Beethoven**
 - Adagio sostenuto
 - Allegretto
 - Presto agitato

Beethoven compón esta sonata no ano 1801, periodo central na súa composición deste xénero que abarca a práctica totalidade da su vida compositiva, cun carácter que xa anticipa os umbrais dun romanticismo.

A gran innovación de Beethoven nas sonatas non é formal senon espiritual. Era un dramaturgo instrumental, e a súa marcada inclinación a expresar na música as emocións profundas e a compracerse nos contrastes violentos, atopou ampla expresión nunha forma que pedía varios estados

ánimicos contrapostos (nos diferentes movementos) e que tamén os permitía, dentro dos límites dun só movemento polo emprego de distintos temas.

É unha das obras representativas de Beethoven que quixo dedicar a unha das súas alumnas, a Condesa Giulietta Guicciardi. O título orixinal da peza dado polo propio autor é “Sonata quasi una fantasia”, xa que o nome “Claro de luna” foi utilizado por vez primeira por Ludwing Rellstab en 1836, anos despois da morte de Beethoven a quen a peza lle recordaba á luz da lúa reflectada no lago Lucerna

- **Tres Intermezzi Op.117..... J. Brahms**

Literalmente intermezzo quere decir “no medio”. O primeiro uso musical desta palabra aparece no S. XVI onde se estableceu a práctica de interpolar entretementos lixeiros entre as seccións de outros de maior magnitude. Co tempo adquiriron certa independencia (como acontece tamén nas obras escénicas) e así vemos estos 3 intermezzi ou os 6 Op.4 de Schumann. Outros publican pequenas pezas para piano separadas, con ese nome. Aquí a palabra perdeu todo sentido definido.

Brahms, falando co seu amigo R.van der Leyden decía que podería telas titulado “Tres canciones de mansadoira das miñas dores”. Quizáis para o número 3 hai un texto popular que serviu de inspiración a Brahms: “¡Ouh dor! Ouh dor val abaixo, ouh dor e dor monte arriba, monte arriba”. Brahms no seu exemplar do libro de Herder, subraiou este poema, que, no seu ritmo silábico, corresponde exactamente á melodía do tercer Intermezzo.

II Parte

- **Balada nº 2 Op.38Frédéric Chopin**

Balada, no seu sentido técnico e ó mesmo tempo o máis amplo, é un corto poema narrativo cantado (con acompañamento instrumental ou non) en reunións populares ou por xentes do pobo.

De fondo das baladas latexa unha das teorías que apoia o feito de que as Baladas de Chopin están baseadas nas baladas literarias de Adam Mickiewicz. Resulta así un tipo de música sen texto que dalgún modo está ligado ás palabras.

Un dos elementos que usou Chopin para lograr a narrativa semellante á balada é a construción da peza mediante a transformación dos temas iniciais.

Busca pois coma un retazo pictórico do momento, unha imaxe musical que capture a esencia, o alma de esa historia.

- **Pour le pianoClaude Debussy**

- I. Prelude
- II. Sarabande
- III. Toccata

Constitúe unha obra de gran valor instrumental e riqueza rítmica. Algúns severos críticos musicais describiron esta composición coma “un punto culminante na historia da literatura do piano” (Schmitz); a razón é que nela incorpóranse texturas nunca escoitadas con anterioridade.

O prelude, con gran reminiscencia de Bach, está concebido como unha obra neoclásica na que se incorporan agregados armónicos enteiramente novos; a Sarabanda respeta cuidadosamente ese ritmo tradicional, pero Debussy cúbreo cunha ropaxe realmente moderna para a súa época; finalmente a Toccata evoca novamente a Bach no seu fluir constantemente rítmico pero cun gran hálito renovador.

O arte de Debussy representa unha rebelión contra dos clásicos e dos románticos. Malia que de fondo percatemos cualidades clásicas do equilibrio e a emoción contida e un moi tino emprego dos temas definidamente melódicos e do mesmo xeito se observamos de preto o seu contido emocional, caemos na conta de que, en esencia, o impresionismo de Debussy é máis ben un romanticismo refinado e non a súa expresión antagónica. A “vaguedade” que en Debussy vela a clara exposición da construción formal suaviza a expresión da emoción que inspirou a composición, é hata certo punto o produto do uso frecuente de escalas de semitonos, de tons enteiros e das novas armonías. A pesares de podelo encuadrar dentro dunha corrente impresionista, a súa música segue a ser completamente individual.

13 de Marzo de 2007

Santiago Blanco Tomé

Piano

Naceu en 1.982 na cidade de Pontevedra. Será no conservatorio de dita cidade onde con dez anos comece os seus estudos de piano. No ano 2002 finaliza os estudos de grado medio no Conservatorio Estatal de Música de Pontevedra co mestre Don Carlos Enrique Pérez.

Neste mesmo ano comeza o grao superior de música na especialidade de piano no Conservatorio Superior de música de Vigo da man da catedrática de piano Dona Josefa Estarque.

Entre o ano 2003 e 2004 recibe clases de piano de Alexander Gold Makarof. Ademáis durante todo o seu período de formación académica asiste a innumerables cursos de piano de mestres tales como: Martine Joste, María Jesús Crespo, Peter Efler, Ludovica Mosca... así como de pedagogía do piano con Violeta Hemsy de Gainza.

No 2006 remata os seus estudos de cuarto de grao superior no Conservatorio Superior de Música de Vigo coa Catedrática Josefa Estarque.

PROGRAMA

I Parte

- **Preludio e fuga nº 23 en Si M (BWV 868)J. S. Bach**

O Crave ben temperado de J.S.Bach (1685-1750), preludios e fugas compostas en tódalas tonalidades maiores e menores. O primeiro, de 1722, libro o que pertence este preludio e fuga nº 23 en Si maior mostra a culminación dun proceso de maduración de ó redor de vinte anos.

- **Sonata en la bemol M nº 31 op. 110.....L. V. Beethoven**

Os primeiros borradores da sonata op.110 resultaron difíciles de recoñecer, debido as tonalidades, por exemplo, o Arioso dolente, que no seu comezo presenta un tema que podería ser de Haydn, último homenaxe a memoria do que fora o seu mestre...e a fuga final, que con aire decidido e acento firme, ven a culminar un proceso iniciado no primeiro movemento.

Unha inesperada interrupción da fuga da paso o tema do arioso, en tono menor, unha breve parentese que axudara a explosión final, en tono maior, como reafirmación do tema da fuga.

II Parte

- **Trío para clarinete, violín e pianoA. Khachaturian**

Peza do compositor soviético de ascendencia Armenia. Naceu en Tbilisi, Rusia (hoxe xeorxia) e era fillo dun encuadernador. Estudou no conservatorio de Moscú. As suas primeiras obras, entre as que atopamos este trío para clarinete, violín e piano de 1932 revelan a súa magnífica potencia lírica, gran maestría no emprego das disonancias, o uso das técnicas tradicionais e a influencia, tamén presente nas suas obras de madurez, da música folclórica Armenia.

- **Zwei Rhapsodien op.79.....J. Brahms**

Na sua última etapa compositiva, na que situamos estas dúas rapsodias, a nº1 adagio e a nº2 molto passionato, ma non troppo allegro, Brahms mostra unha música de aparente sinxeleza pero de gran riqueza tímbrica e na que atopamos elementos do contrapunto, elemento con que tanto experimentou nos seus comezos.

- **Allegro de conciertoE. Granados**

O Allegro de concerto situámolo no 1903, obra de gran virtuosismo e carácter, pero o hito culminante da súa obra para piano sería a suite Goyescas, inspirada en algúns cadros de e estreada en Barcelona o 11 de marzo de 1911.

Xoves 15 de Marzo de 2007

Sara Domínguez Lloria

Piano

Nada no ano 1983, comeza os seus estudos musicais á idade de sete anos. No ano 1992 ingresa no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra rematando o grao medio neste Conservatorio no ano 2002 co profesor Carlos Enrique Pérez; neste mesmo ano ingresa no Conservatorio Superior de Música de Vigo onde realiza a especialidade de piano coa Catedrática Josefa Estarque.

No ano 2005-2006 participa como pianista no curso de cámara da Escola de Altos Estudios de Santiago.

A súa actividade concertística desenrólase en numerosos puntos da xeografía galega tanto como pianista solista como en agrupacións de música de cámara; destacando a súa participación no ciclo de intérpretes noveis de Pontevedra, e no VIII ciclo de novos intérpretes da Asociación Galega da Lírica Teresa Berganza en Santiago de Compostela.

A súa formación complementouse coa realización de numerosos cursos con profesores como M^a Jesús Crespo, Eulalia Solé, Martin Joste, Luis de Moura...entre outros.

Actualmente estuda en Santiago de Compostela baixo a tutela de Alexander Gold Makarov.

PROGRAMA

I Parte

- **Sonata Op. 26 nº 12 en Lab Mayor.....L. V. Beethoven**

(Adicada ó Príncipe Carl von Lichnowsky)

- Andante con Variazioni
- SCHERZO Allegro molto
- MARCIA FUNEBRE sulla morte d'un Eroe
- Allegro

- **3 Romanzas op.94.....R. Schumann**

- Nicht schnell
- Einfach, innig
- Nicht schnell

Frutista: Iago Lariño

II Parte

- **6 Moments musicaux D780 (Op. 94)F. Schubert**
 - Moderato
 - Andantino
 - Allegro moderato
 - Moderato
 - Allegro vivace
 - Allegretto
- **Sonetto 123 del PetrarcaF. Liszt**
 - Lento placido
- **Bruyeres.....C. Debussy**
(preludio nº5 II cuaderno)
- **Las Colinas de Anacapri.....C. Debussy**
(preludio nº 5 I cuaderno)

20 de Marzo de 2007

Tania Barreiro Crespo

Trompeta

Nace en Beade (Vigo) no ano 1982. Coa idade de 7 anos comeza os seus estudos musicais na escola da Banda de música de Beade, e anos despois, acude ó Conservatorio de Música de Vigo onde comeza a súa carreira musical co mestre José Vicente Simeó Máñez e posteriormente con Javier Viceiro Filgueira e Luis González Aмосa.

Acude a cursos de especialización de trompeta cos mestres: Enrique Rioja, Luis González, José Ortí, Juanjo Senra, Carlos Benetó, John Aigi, Ernesto Chuliá, Antonio Cambres, Jouko Harjanne, Mario Guarneri, Otto Sauter, Bo Nilsson, Javier Simó.

Formou parte do quinteto de metais “ Versión Orixinal” co que acadaron premios en concursos de música de cámara, Xoven Orquesta de Galicia, Orquesta Clásica de Vigo e Sinfonietta de Vigo.

Foi mestra de trompeta nas escolas das Bandas de música de Candeán e Belesar.

Hoxe en día, imparte clases na Banda Xuvenil de Xínzo, na Unión Musical de Valladares e na Escola Municipal de Porriño.

PROGRAMA

I Parte

- **Concerto en Mib M.....J. Haydn**
 - Allegro
 - Andante cantabile
 - Allegro
- **Slavische FantasieC. Hohné**

II Parte

- **Concerto para trompeta e orquestaA. Arutunian**
- **Let the Britght SeraphimG. F. Haendel**

22 de Marzo de 2007

Pablo Salgueiro Alonso

Percusión

Nace en Vigo no ano 1980. Ós nove anos, inicia os seus estudos musicais na banda de Música “Unión Musical de Valladares”, continuando os mesmos no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde recibe clases dos mestres Carlos Castro, Marcos Vázquez e Pedro Sanz.

En Xuño do ano 2.001 entra a formar parte da JOSG (Joven Orquesta Sinfónica de Galicia), onde asiste a clases cos percusionistas titulares da Orquesta; José Belmonte, Alejandro Sanz, José Trigueros e Simon Levey.

Asemeismo, realizou cursos de perfeccionamento con importantes figuras do mundo da Percusión, tales como, Manel Campos, Leigh H.Stevens, Miguel Bernat, Enmanuel Sejourne, Benoit Cambrelaing, Dave Weckl, Nick Word, Nancy Zelstman, Jan Pustjens, Steve Schick, etc.

Na súa faceta orquestral, ten tocado baixo a batuta de directores da talla de Víctor Pablo Pérez, Josep Pons, Alberto Zeda, Mivhael Gilbert, James Jud, Alejandro Posada, López Cobos, etc. , destacando a súa intervención en concertos, tales como, o realizado coa soprano Montserrat Caballé e a Joven Orquesta Sinfónica de Galicia, a representación das obras Turangalila de O. Messiaen coa Orquesta Sinfónica de Galicia, etc..

No ano 2.003, acadou o Primeiro Premio na I Edición do Concurso de Xóvenes Interpretes de Vigo.

Dende o ano 2.004 ata a actualidade, recibe clases no Conservatorio de Música de Ámsterdam, da man de Lorenzo Ferrándiz e Gustavo Gimeno.

Na súa actividade pedagóxica é profesor de percusión no Conservatorio Profesional de Música de Arzúa así coma das Escolas das Bandas de Música de Valladares, de Vincios e de Goián.

Á súa vez, na actualidade é colaborador da Orquestra Sinfónica de Galicia, coa que participou en xiras por Granada, Colonia e Gran Canarias.

PROGRAMA

1. She Who Sleeps With A Small BlanketKevin Volans

É unha composición baseada na música Africana, imitando moitas veces os sonidos dun jembé. Nesta obra están presentes as polirritmias africanas, que se reflicten nos xogos rítmicos que fai unha man respecto da outra, como tamén nas medidas utilizadas en dita peza.

É unha obra de gran forza e rapidez, na que sorprende o seu final calmado e melódico.

2. IlijasNevojsa Jovan Zivkovic (1996)

Composición rapsódica que recibe o nome dunha pequena cidade da antiga República Iugoslava de Bosnia. Ten unha evidente asociación coa afinación da área Balcánica, así como tamén coa mezcla de ritmos, os cales funde con escalas tonales propias do Leste.

Na introdución da peza, Zivkovic utiliza un material compositivo poucas veces usado no repertorio para marimba; trátase dunha técnica propia do repertorio pianístico de Liszt. A continuación, e na parte central da obra utiliza uns patróns rítmicos puramente marimbistas, para finalmente, e tras diversas variacións do tema principal, voltar ó motivo inicial pero moito máis melancólico.

3. Rain Tree.....Toru Takemitsu

Obra escrita para tres percussionistas. Forma parte dunha serie maior chamada “Water Scape”, concebida para distintos grupos instrumentais, todos eles relacionados nalgún modo coa auga.

Foi dedicada ó compositor Kenzaburo Oé e ó percussionista Silvio Gualda. A orixe do seu nome provén dunha paisaxe dunha novela de Kenzaburo.

4. Bongo 0.....Roberto Sierra

Esta obra, escrita para bongos, baséase na música afro-caribeña. Divídese en tres partes distintas, usando en cada parte, recursos percusivos diferentes.

Comeza cun tempo chamado “paseo” no que o percussionista toca en distintas zonas do parche coas mans. A continuación, no “intermezo” deben usarse as uñas, dedos, baquetas e incluso a voz como un instrumento de percusión. Seguidamente entra na “descarga” onde o percussionista utiliza exclusivamente as baquetas, para rematar a obra cunha coda final.

5. Fertility RitesCristos Hatzis

Escrita para marimba de 5 octavas e “tape”.

É parte duna serie de traballos, escritos nos anos noventa, nos que o enlace común é o canto de garganta dos Inuit.

No “tape” realizouse unha iuxtaposición do “Katajjaq” - sons producidos coa garganta nun ritual de fertilidade desta tribu canadense-, con outros estilos de música máis coñecidos para o público en xeral, tales como a sonoridade francesa no segundo movemento ou o aire de tango do terceiro movemento, mesturado todo elo cunha segunda marimba pregrabada.

6. MecánicoNevojsa Jovan Zivkovic

Pertence á obra “Trio per uno” do compositor e percussionista Nevojsa Jovan Zivkovic.

Neste tempo, os tres percussionistas comparten un mesmo instrumento, o que produce interesantes efectos, tanto polo cruce de baquetas coma polos interesantes unísonos escritos polo compositor.

É unha obra de gran forza e velocidade, característica propia do devandito compositor.

Colaboran:

Antonio Ocampo (percusión).

Juan Collazo (percusión).

Estela García (técnica de audiovisuais).

CONCERTOS FIN DE CARREIRA DA ESPECIALIDADE DE COMPOSICIÓN

No presente curso académico 2006/2007 celébranse os primeiros concertos fin de carreira da especialidade de composición. Nestes concertos os alumnos presentan dúas obras, a primeira delas orquestral (para orquestra ou banda) e a segunda camerística. O estreno destas obras correrá a cargo da Orquestra e a Banda do Conservatorio Superior de Música de Vigo e o grupo instrumental do Taller de Composición.

JOSÉ ANTONIO CANTAL MARIÑO

Nado en Vigo. Comeza os seus estudos no centro autorizado de Música “Conservatorio Mayeysis” de Vigo, onde realiza grao elemental e medio de piano e grao elemental de violín, cambiando posteriormente este último pola viola.

Estudia grao superior de piano e composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Amplia os seus coñecementos xunto a profesores como Leonel Morales, Polo Vallejo, Violeta Hemsy de Gainza, Albert Ateneille, Yvan Nomic, Emilio Molina, Vladimir Drimilescu, Christopher Bossman, Albert Sardá, Arlette Biget, Benet Casablanca...

PROGRAMA

- Diálogos

(para frauta, dous pianos e orquestra)

A vida é un gran diálogo. Nel participan todo-os que queiramos que participen. Así como nun cadro temos unha gama de cores variada... nun diálogo temos un elenco de personalidades e na nosa vida... o recordo de diversas etapas. Esta obra nace para se-lo reflexo dunha conversación real entre os que queiran unirse a ela. Pero... non só participan os que estén no escenario transmitindo, porque para un bo diálogo tamén é preciso saber escoitar.

- Os sete pecados capitais

(para frauta, clarinete en sib, violín, cello, piano e percusión)

Soberbia, avaricia, pereza, luxuria, ira, gula, envidia... Parece máis doado caer nestes comportamentos que intentar reflexalos nun papel. Pero... non tanto... porque cada un deles pode mostrar unha personalidade musical diferente.

JUAN EIRAS TOJO

Nace en Vigo no ano 1977. Obtén a diplomatura en Educación Musical pola Universidade de Vigo, e o Título Profesional de Piano polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, baixo a tutela de D. José Manuel Fernández González. Neste mesmo centro realiza os seus estudos na especialidade de Composición. Ten realizado diferentes cursos con Emilio Molina, Ludovica Mosca, Manel Camp, Viena Clarinet Connection, Carlos Cambeiro, Albert Sarda ou Javier Jurado, entre outros.

Sendo todavía alumno publica a súa primeira obra, de estética dodecafónica, “*Suite para trío de percusión, Nº 1, Op. 1*” (Ed. Dos Acordes). Posteriormente unha escolma de obras para piano, onde se recollen traballos realizados por Ángel Antonio Montes Abalde, José Antonio Cantal Mariño, Jacobo Gaspar Grandal e Juan Eiras, titulada “*Obras para Piano*” e publicada pola mesma editorial, e o trío para frauta, clarinete e fagot estreado o 26 de xullo do 2005 en Gondomar, (Pontevedra), “*Enerxías renovables, Op. 2*” (Ed.. Dos Acordes), onde colaboran a poetisa Noela Álvarez e o pintor Manuel Bernal.

Como transcritor participa na elaboración do libro “*40 anos de vilancicos*” (Caixanova), xunto con A. Montes e J. Cantal, e realiza a redución pianística e transcripción musical da obra de Javier María López Rodríguez “*Fantasía para gaita e orquestra*” e a transcripción da obra “*Sinfonietta en Fa*” de Fernando Alonso (Ed.. Dos Acordes).

No eido da música popular ten editados un total de sete discos cos grupos Iríio (“*X certame galego de música folk de Galicia, Xuventude ‘99*”, Consellería de Familia, Promoción do emprego, Muller e Xuventude; Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo; Xunta de Galicia (1999); “*I día da música xove*”, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo; Xunta de

Galicia (2000); *“Mar de Pedra”*. Discmedi, S.A. (2002) e *“IV Concurso Folc Cuatu los Valles”* (2003)), Malvela (*“Que o pano non me namora”*, Ed. Do Cumio (2003); *“O aghinaldo”*, Ed. PAI (2004)) e Alfolíes (*“Alfolíes”*. Radio Obradoiro (2000)), asumindo arranxos, composicións e a produción artística nalgúns casos. Como músico de sesión ten participado na gravación de artistas galegos como Brañas, Emilio Rúa ou Meniños Cantores, etc, e gravado con músicos como Isac Palacín, Pancho Álvarez, Segundo Grandío, Anxo Pintos, Moisés Quintas, Viqui Pérez, Xaquín Xesteira, Leonardo Blanco, Quim Farinha, Uxía Senlle, Paco Dicenta, Marcos Vázquez, etc.

Con Irto ten acadado o primeiro premio no *“X CONCURSO DE MÚSICA FOLC XUVENTUDE ‘99”* (1999), *“I DÍA DA MÚSICA XOVE”* (2000), finalista no *“XIII CONCURSO DE MÚSICA FOLC SAN ESTEBO DE RIBAS DE SIL”* (1999), *“I CONCURSO DE MÚSICA FOLC RADIO OBRADOIRO”* (1999), *“IV CONCURSO DE MÚSICA FOLC CUATU LOS VALLES”* (Navelgas – Tineo, Asturias (2003)), e segunda posición no *“CONCURSO RUNAS – FESTIVAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA 2006”*. Do mesmo xeito con Alfolíes acada o primeiro premio no *“I CONCURSO DE MÚSICA FOLC RADIO OBRADOIRO”* (1999) e é finalista no *“I CONCURSO DE MÚSICA FOLC CUATU LOS VALLES”* (2000).

Ten participado como director musical nos espectáculos *“Que o pano non me namora”* e *“O aghinaldo”* (Malvela) e como asistente técnico do director de iluminación na representación da ópera *“Lucrezia Borgia”*, estreada no Auditorio Caixanova no ano 2005. Na actualidade colabora coa editorial Dos Acordes.

PROGRAMA

- **Bitácora 01-06**

(obra orquestral)

- Movemento 01.- *Moderato*
- Movemento 02.- *Andante*
- Movemento 03.- *Allegro e Moderato*
- Movemento 04.- *Presto final*

- **Bitácora 01-06**

(obra para frauta, clarinete, violín, violoncello, piano e percusión)

- **Movimentos 05-06**

“Bitácora 01-06” é o título xenérico que resume a esencia dos actos orquestral e camerístico dos que se compón esta obra. O autor pretende facer unha viaxe diacrónica onde, neste caderno de bitácora, se recollen as aprendizaxes e algunhas vivencias experimentadas durante o período académico 2001-2006. O carácter autobiográfico reflicte unha linguaxe e orquestración moi persoais que evolucionan dende a tonalidade e os procedementos neoclásicos que conforman o primeiro acto, -obra orquestral formada por catro movementos-, ata o segundo, onde se dilúe a tonalidade e se empregan procedementos compositivos do século XX e XXI – movementos poliseccionais “05” e “06”, obra para conxunto de cámara-.

JACOBO GASPAR GRANDAL

Nace en Mos en 1975. Comeza os seus estudos de música na escola da Banda Xuvenil de Torroso, da que formou parte como saxofonista.

Tivo tamén unha importante actividade como gaiteiro, colaborando con numerosas agrupacións de música tradicional e realizando numerosas transcripcións de material recolleito en traballos de campo.

Paralelamente, obtén a Licenciatura en Economía na Universidade de Vigo.

Estuda Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo cos profesores Carlos Cambeiro, Joam Trillo e Pablo Beltrán. Asemade, asiste a cursos con José M. Sánchez Verdú, José Manuel López López, Cristóbal Halffter, Tomás Marco, Jesús Rueda, Alfredo Aracil, Leonardo Balada, Eduardo Polonio, German Gan...

Na actualidade compatibiliza a actividade compositiva, ca docencia no ensino secundario.

PROGRAMA

- **De catro a catro**

(obra orquestral)

- Intencións
- Travesía
- Sós
- Ao reverso da noite

Esta obra toma o título dunha das obras máis importantes da literatura galega de vangarda: De catro a catro, poemario escrito por Manuel Antonio en 1926. A través da súa lectura podemos revivir a viaxe exterior (o libro foi escrito nunha viaxe en barco), e interior do propio protagonista.

Divídese en catro movementos que se tocan de xeito ininterrompido, e que toman o seu nome de catro dos poemas da obra literaria anteriormente citada. O conxunto da obra trata de representar un ciclo, unha viaxe na que están presentes múltiples elementos simbólicos que establecen diversas relacións cos poemas tomados para os títulos dos movementos, e na que o mar terá unha presenza constante.

- **Papeis dun diario de a bordo**

(para seis instrumentos)

- A fragata vella
- Os cóbados no barandal
- Garda de 12 a 4
- Recalada
- A estrela descoñecida
- Descuberta

Os seis movementos que forman esta obra toman o seu nome de poemas de Manuel Antonio presentes no poemario De catro a catro. O conxunto da obra contrapón materiais de dous tipos. O primeiro tipo é o que domina nos dous primeiros movementos, basease en niveis dinámicos especialmente reducidos, na exploración tímbrica e no desenvolvemento de xestos simples nos que o mar ten unha importante presenza simbólica.

O segundo tipo de material explora unha metafórica viaxe á “Estrela descoñecida” dende a “Recalada” na terra. Aquí aparecen campos harmónicos complexos baseados en espectros, que recrearán ascensións harmónicas creadas como resonancias dunhas fundamentais que tamén teñen importancia no eido estrutural.

O terceiro movemento é unha transición, e o sexto e último, un epílogo no que se entrelazan e funden estos materiais.

ÁNGEL ANTONIO MONTES ABALDE

Nace en Matamá (Vigo) en 1977. Ós dez anos comeza a estudar trombón no seo da Agrupación Musical “Atlántida” de Matamá. Ós quince anos ingresa no Conservatorio Estatal de Música de Vigo onde remata os estudos superiores na especialidade de Trombón no curso 2004-2005. Como intérprete forma parte da Agrupación Musical “Atlántida” de Matamá, Orquestra Clásica de Vigo, Coro de Cámara “Camerata Ad Libitum”. Formou tamén parte do grupo música ska Dr. Cotomondongo. Colabora ademais en gravacións discográficas de grupos galegos como Sinistro Total, Os Cempés, Nenos da Revolta, etc...

É Diplomado en Educación Musical pola Universidade de Vigo. En 2004 acadou o 2º premio de composición no 39 Festival de Villancicos Caixanova. Recentemente publica xunto a outros compositores xóvenes un libro de pezas para piano titulado Novos Compositores Galegos i editado pola editorial Dos Acordes.

Dende Xuño de 2004 é director da Banda-Escola da Unión Veciñal e Cultural de Candeán (Vigo) coa que acadou en Outubro de 2005 o primeiro premio e mención de honra no Certame Provincial de Bandas de Música Populares organizado pola Deputación de Pontevedra.

PROGRAMA

- **A Creación**

(obra orquestral)

Trátase dunha descripción musical do nacemento do mundo a partir dos catro elementos: a terra, representada polos membranófonos; o lume, representado polos metais; o aire, representado polas madeiras; e por último a auga representada polo piano e os idiófonos. No comezo da obra estes catro elementos mistúranse nun caos sonoro do que nacerá un orde máis tranquilo representado por un solo das frautas. Ó final, cun tutti da banda achamos o momento cumbre da creación, o momento do nacemento do mundo. A Creación está escrita para banda tentando aproveitar tódolos recursos sonoros deste instrumento.

- **Ichcrem**

(obra de cámara)

É unha obra de estudio. En cada un dos seus movementos empréganse diferentes técnicas compositivas do século XX como poden ser a aleatoriedade, o serialismo, o minimalismo ou a escritura textural entre outros. Polo tanto trátase dunha obra que tenta dalgún modo rendir homenaxe ós estilos compositivos propios século XX que marcaron e marcan aínda hoxe o camiño da música do século XXI.

Concertos de Composición

26 de Marzo do 2007 ás 20,00 h.

PROGRAMA

- **Bitácora 01-06**..... **J. Eiras**
(obra para frauta, clarinete, violín, violoncello, piano e percusión)
 - Movementos 05-06
- **Papeis dun diario de a bordo** **J. Gaspar**
(para seis instrumentos)
 - A fragata vella
 - Os cóbados no barandal
 - Garda de 12 a 4
 - Recalada
 - A estrela descoñecida
 - Descuberta

Grupo instrumental do Taller de Composición

27 de Marzo do 2007 ás 20,00 h

PROGRAMA

- **Diálogos** **J. A. Cantal**
(para frauta, dous pianos e orquesta)

Solistas:

Iago Lariño, flauta

Nicasio Gradaille, piano

Constantino Pérez, piano

- **Bitácora 01-06**..... **J. Eiras**
 - Movemento 01.- Moderato
 - Movemento 02.- Andante
 - Movemento 03.- Allegro e Moderato
 - Movemento 04.- Presto final
- **De catro a catro** **J. Gaspar**
 - Intencións
 - Travesía
 - Sós
 - Ao reverso da noite

Orquestra do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Director: Javier Viceiro

29 de Marzo do 2007 ás 20,00 h

PROGRAMA

- **Os sete pecados capitais** **J. A. Cantal**
(para frauta, clarinete en sib, violín, cello, piano e percusión)
- **A Creación**..... **A. Montes**
- **Ichcrem**..... **A. Montes**

Grupo Instrumental do Taller de Composición

Banda do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Director: Javier Viceiro